



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 16 DE MAIO DE 2019**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte e unha horas do día dezaseis de maio de dous mil dezanove, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os Sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Álvarez; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- APROBACIÓN CANDIDATURA DE "RIBADUMIENSE A PROL DO GALEGO 2019".-**

Toma a palabra a Sra. Rey Pérez, e lembra este equipo de goberno creou este acto de "Ribadumienses a prol do galego", para así poder recoñecer e honrar tanto a particulares como a entidades do Concello que pola súa actividade diaria traballen para fomentar e favorecer a cultura galega.- Que este ano é a terceira edición e no prazo estipulado se presentou unha candidatura, que foi a de Hernando Martínez Chantada.

E dáse lectura ao escrito do contido seguinte:

*"Con motivo da celebración o vindeiro 17 de maio do Día das Letras Galegas e da convocatoria por parte do Concello de Ribadumia da III edición da Gala "Ribadumienses a prol do Galego",*

*A Asociación Cultural "Plantel Xuvenil de Ribadumia" propón como candidato a "Ribadumiense a prol do galego 2019" a D. Hernando Martínez Chantada".*

*Para fundamentar esta candidatura, salientamos a continuación os principais motivos que nos levan a considerar a este veciño de Ribadumia como merecedor de dita honra.*

*Mestre, escritor, historiador, Hernando Martínez leva dende fai moitos anos empregando a nosa lingua galega na súa actividade en diversos eidos da cultura.*

*Na súa obra literaria centrada en recompilar e divulgar aspectos da nosa contorna, cabe salientar os seguintes títulos:*

*"A vide e o viño" (2003), "O agro" (2005), "Os curas de Ribadumia" (2011), "O foro e Rabuñade" (2012), "San Martiño de Meis. Unha freguesía rural"(2014), "Mulleres de Ribadumia I. María Antonia de Alfonsín" (2014), "O eirado de Casaldarnos" (2015), "Mulleres*



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

*de Ribadumia II: D<sup>a</sup> Josefa Díaz Cordero del Villar" (2015), "O Cantar dos cantares" (2017), "Relativismo e Relatividade" (2018, pendente de publicación), "Cambados no principio do século XX. Crónica escolar 1902-1922" (2018, pendente de publicación) e "O crime do Pazo do Monte" (2019, pendente de publicación.*

*Dende fai máis de 20 anos, Hernando Martínez ven colaborando con D. Dositeo Valiñas, cura párroco de Ribadumia e Leiro, na elaboración e edición da folla parroquial que cada domingo os fregueses de ámbalas dúas parroquias teñen a súa disposición.*

*Tamén probou sorte no eido da música como autor da letra de varias cancións para o coñecido grupo musical Añoranza: cantiga "As terras do Salnés", "Neereira", "Canto a Galicia" e "O cantar de Ribadumia" das cales os seus integrantes se senten moi orgullosos e son fixas nos seus recitais.*

*Así mesmo, queremos salientar que, como membro da nosa Asociación Cultural, leva anos participando activamente na programación e realización de diferentes actividades veciñais e culturais, entre as que destacamos a Romaría de Santa Baia, a cal vai xa na súa XXXV edición e cuxa programación xa é de sobra coñecida entre os veciños de Ribadumia e arredores, así como na Festa dos maiores.*

*O presente escrito vai acompañado das sinaturas de máis dun cento de veciños que quixeron manifestar deste xeito o seu apoio a esta iniciativa plantexada dende a AC Plantel Xuvenil de Ribadumia. A todos e cada un deles, o noso agradecemento máis sincero.*

*Por todo o exposto anteriormente, SOLICITAMOS ó Pleno do Ilmo Concello de Ribadumia que teña a ben considerar a proposta desta Asociación de nomear "Ribadumiense a prol do Galego" na edición 2019 a D. Hernando Martínez Chantada.*

Engade ademais que polo acto que se vai celebrar ten a biografía completa e asegurar que ten unha obra moi ampla.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que están a favor desta proposta.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres asistentes acorda aprobar a elección de D, Hernando Martínez Chantada como "Ribadumiense a prol do galego 2019" e que se lle renda homenaxe no acto que se organice a tal efecto.-

**2º.- APROBACIÓN PREGO CLÁUSULAS E PROXECTO DA OBRA DE "RENOVACIÓN E ADAPTACIÓN AO REGULAMENTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RD1890/2008, DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DE RIBADUMIA".**

Dáse conta que o Pleno Municipal con data 18/04/17 acordou participar no



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

procedemento regulado polo R.D. 616/2017 de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 e aprobáronse as actuacións recollidas na memoria presentada.-

Que unha vez concedida axuda polo IDAE para a execución de dito proxecto, procedeuse á redacción do proxecto definitivo axustándoo as actuacións a levar a cabo (dado que a memoria inicial redactouse no mes de xullo de 2017 e houbo cambios nas actuacións inicialmente previstas).-

Toma a palabra a Sra. Peña Muñíz, esta redución é raíz de obras que estaban executadas, que xa manifestaran.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, e di que de ahí se recuciu o importe das obras coa legalización que se fixo do alumeado público de 66.000 € que estaban sen legalizar e que estaban metidos tamén no proxecto.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres asistentes acorda:

**Primeiro.-** Prestar aprobación ó proxecto técnico redactado para a actuación denominada "Renovación e adaptación ao Regulamento de eficiencia enerxética R.D. 1890/2008, dos alumeados públicos no Concello de Ribadumia", por un importe total de **536.261,39 € (IVA non incluído)**, o que representa un importe de 648.876,28 IVA engadido.

**Segundo.-** Prestar aprobación á financiación da devandita obra que é a seguinte:

- Con cargo a axuda concedida polo IDAE: o 80% do importe do proxecto, e con fondos propios o 20% restante.

**Terceiro.-** Aproba-lo expediente de contratación para levar a cabo a execución da obra de "Renovación e adaptación ao Regulamento de eficiencia enerxética R.D. 1890/2008, dos alumeados públicos no Concello de Ribadumia", tendo a calificación de contrato de subministro, e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada

**Cuarto.-** Aproba-los pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a adxudicación de dito contrato de obra, co contido que consta no expediente.



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

### **3º.- DAR CONTA DE DIVERSOS ASUNTOS:**

#### **– CONVENIOS SUBSCRITOS PARA PASO DE TUBARÍAS DE SERVICIOS MUNICIPAIS POR FINCAS PARTICULARES.**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, e explica que asináronse catro convenios e aínda queda un pendente de asinar asinados e un queda pendente.

Que trátase de convenios mediante os cales se autoriza o paso de tubarías para servizos de auga ou saneamento por fincas particulares; que os convenios son todos igual e o que se recoñece é que o propietario cede e autoriza a facer unhas obras para servizo municipal na súa propiedade.- Que se acorda que o Concello, se houberse unha avería ou algo que repoñer, se fai cargo deses gastos.

Dase conta dos convenios subscritos con:

- D. Santiago Martínez Mouriño, por paso de tubaría para servizo municipal no lugar de O Coruto
- D<sup>a</sup> Froila Barcala Peiteado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Peiteado Barreiro (en representación de D<sup>a</sup> Andrea Barcala Peiteado) polo que autorizan o paso de tubaría en finca da súa propiedade en Lois).
- D. Angel Maquieira Martínez, polo que se autoriza o paso de tubaría para servizo municipal en finca da súa propiedade no lugar de Pereira.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Abal MARTínez, polo que se au autoriza o paso de tubaría para servizo municipal en finca da súa propiedade no lugar de O Coruto.

Informa que queda pendente de sinatura outro convenio para o mesmo fin no lugar de Freixo que se traerá no próximo pleno.

#### **– INFORMES MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO.**

Dáse conta de que, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro e demais normativa aplicable, pola Tesourería elaborouse o informe de morosidade e período medio de pago a provedores correspondente ao primeiro trimestre de 2019 nos que constan o número e contía global das obrigas pendentes nas que estase a incumprir o prazo de pago, e coa incorporación do informe de Intervención das facturas respecto das cales teñan transcorridos máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro e non se teña tramitado o recoñecemento da obriga.



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

O Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. asistentes dáse por enterado, ratificando o contido dos devanditos informes.

### **– LEGALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS NáUTICAS DE CABANELAS.**

Dáse conta que no último pleno tróuxose a cesión da cafetería pero para ceder a xestión desa cafetería houbo que realizar unha serie de obras porque as instalacións non cumprían fundamentalmente coa adaptación de persoas con discapacidades ou dificultades de movemento.

Explícase que as obras executadas son fundamentalmente a rampla que se fixo por diante e adaptáronse os baños interiores para que fosen accesibles a persoas con dificultades de movemento.

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que lles gustaría contar con todas as actas de Xunta de Goberno que faltan.

E solicitan unha copia do proxecto do entorno do colexio que o levan solicitando con escritos reiteradas veces.

Antes de levantar a sesión solicita a palabra a Sra. Peña Muñiz para dicir que con motivo das próximas eleccións é o último pleno ao que vai asistir como concelleira xa que abandona a política municipal tanto ela como algúns compañeiros e quere deixar manifestar a súa satisfacción e orgullo de ter sido concelleira durante case 20 anos e é un orgullo ser alcaldesa e concelleira do seu pobo e quere agradecer aos veciños a confianza depositada nela e nos compañeiros durante varias lexislaturas e que o fixo coa maior dedicación, co maior esforzo e dedicou todo o esforzo e coñecementos para que os veciños de Ribadumia tiveran os mellores servizos, as mellores instalacións, mellores oportunidades e, en definitiva, mellor calidade de vida.- Agradecer tamén o trato aos funcionarios cos que conviviu durante moitos anos e aos concelleiros que continúan deséxalles sorte e a partires de agora poderá asistir aos plenos pero como público.- Pide que se ben é certo que a política municipal é moi bonita, independentemente das ideas de cada partido, que se manteña o respecto e a educación entre os membros da Corporación que nalgunhas ocasións non se mantivo e se vai con ese sabor amargo.- Deséxalles novamente sorte aos que continúan e fae extensible a súas palabras ao Sr. Serantes Alvarez e Roma Arcos que tamén abandonan como concelleiros.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde agradece as palabras da Sra. Peña, lle da as gracias polos servizos prestados a Ribadumia, que comparte o dito de que sempre é un orgullo traballar polo benestar do seu pobo e está de acordo en que, independentemente das ideas, deben manterse o respecto e a educación.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte e oito minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-